

Informe complementario ó "Proxecto de Rexeneración do Entorno da Igrexa de Ermelo. Fase II".

O arquitecto técnico municipal informa:

- CLASIFICACIÓN DA OBRA DACORDO CO art. 232 LCSP.- A obra definida no proxecto ten a clasificación de *a/ Obra de reforma*, por tratarse de obras de mellora, adecuación e reforzo do firme existente nos viais reflectidos no proxecto.

- DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA: O "Proxecto de Rexeneración do Entorno da Igrexa de Ermelo. Fase II" refírese a unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao Servizo Público correspondente unha vez acabada, segundo o estipulado no Art. 13 da LEI 9/2017, do 8 de novembro, de CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO e Art. 125 do RGLCAP.

- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.- A clasificación urbanística do solo no que se sitúan as obras recollidas no proxecto de Rexeneración do entorno da Igrexa de Ermelo. Fase II e Solo de Núcleo rural histórico-tradicional. Concretamente o tramos afectados pertencen o sistema viario do núcleo rural.

- XUSTIFICACIÓN DA NECESARIA VINCULACIÓN DAS MELLORAS CO OBXECTO DO CONTRATO.- As melloras propostas consisten no subministro, instalación e posta en marcha do alumeadado público con luminarias led nos tramos de viario reflectidos no proxecto. O alumeadado público proposto como mellora completa a urbanización dos tramos definidos no proxecto. Están vinculadas por formar parte do mesmo entorno e complementar a mellora dos servizos urbanísticos do núcleo ó dotalo dos servizos públicos básicos.

O alumeadado proposto para os tramos sinalados, mellora as condicións de visibilidade en horario nocturno, conseguindo tamén unha mellora da eficiencia enerxética por tratarse de luminarias led. Por outra banda, os báculos propostos adáptanse o entorno por ter reminiscencias estéticas cos tradicionais postes de madeira que se empregaban nas aldeas rurais, conquirindo a integración no ambiente da aldea de Ermelo.

- DESGLOSE DO VALOR ESTIMADO CON EXPRESA REFERENCIA E INDICACIÓN DOS CUSTES DIRECTOS E INDIRECTOS.

O desglose sinalado xa consta no proxecto por min asinado, no capítulo 10. CADRO DE DESCOMPOSTOS.

O arquitecto técnico municipal

(Documento asinado electrónicamente a marxe)

